# 6. Servizos de apoio

## 6.1. Portal web das familias galegas

Web de asesoramento e información onde se recollen todos os recursos destinados ás familias galegas. O seu enderezo é http://www.familiasgalegas.org

### *Atención e asesoramento*

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Subdirección de Familia e Menores

## 6.2. Rede Galega de Escolas Infantís

### *Que son as escolas infantís?*

As escolas infantís son equipamentos diúrnos de carácter socioeducativo que ofrecen o primeiro ciclo de educación infantil de acordo cos principios e contidos educativos recollidos no currículo do primeiro ciclo de educación infantil de Galicia.

### *Cales son os seus obxectivos?*

- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos nenos e nenas presentando contornos educativos de calidade en colaboración coas familias.

- Compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais atendendo á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades dos nenos e nenas e das súas familias.

- Responder ás necesidades das familias na educación e crianza dos seus fillos e fillas, adaptando de maneira flexible a organización e os servizos que prestan os centros como instrumento para favorecer a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal.

- Procurar a corresponsabilidade entre a escola e as familias na educación e atención dos nenos e nenas, establecendo lugares de encontro entre os dous ámbitos responsables da educación dos nenos e das nenas.

- Construír un modelo educativo democrático e plural abrindo os centros á participación de toda a comunidade educativa.

- Desenvolver procesos educativos de calidade fomentando a colaboración entre familias, profesionais, centros, diferentes administracións e o conxunto da sociedade.

- Fomentar a igualdade efectiva entre os nenos e nenas promovendo actividades e comportamentos que favorezan o exercicio da igualdade de dereitos e oportunidades.

***Que tipo de escolas infantís, públicas ou financiadas con fondos públicos, segundo a súa titularidade, hai en Galicia?***

- As escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
- As escolas infantís municipais.
- As escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- As escolas infantís dependentes de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.
- As escolas infantís privadas adheridas ao programa do cheque infantil.

***Como se accede ás escolas infantís da Consellería de Traballo e Benestar?***

As familias interesadas deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido na orde anual de adxudicación de prazas para escolas infantís da Xunta de Galicia que se publica no Diario Oficial de Galicia.

Os impresos de solicitude facilitaranse nos propios centros nos que se solicita praza, nos departamentos territoriais de Traballo e Benestar e nos enderezos electrónicos (http://benestar.xunta.es) e (http://www.escolasinfatis.net).

***Como se accede ás escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?***

Para acceder ás escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar os/as solicitantes deberán dirixirse ao propio consorcio ou á escola infantil para a que se desexe solicitar a praza.

***Como se accede ás escolas infantís municipais?***

Para acceder ás escolas infantís municipais deberán dirixirse á escola infantil para a que se desexa solicitar praza ou ao concello do que dependa.

### *Como se accede ás escolas infantís de iniciativa social?*

Para solicitar praza nas escolas infantís de iniciativa social, os/as solicitantes deberán dirixirse á escola infantil para a que se desexa solicitar a praza.

### *Atención e asesoramento*

Nas propias escolas infantís e segundo a súa titularidade o organismo titular.

Departamentos territoriais da consellería.

A Coruña: 981.185.700

Lugo: 982.294.202

Ourense: 988.386.149

Pontevedra: 986.817.089

Secretaría Xeral de Familia e Benestar: 981.545.666

http://www.familiasgalegas.org

http://traballoebenestar.xunta.es

Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar: 981.568.705

http://www.igualdadebenestar.org

## 6.3. Programa do cheque infantil

### *Que é?*

Consiste nunha axuda económica para a atención de nenas e nenos de 3 meses a 3 anos en escolas infantís non sostidas con fondos públicos. Materialízase en cheques nominais emitidos a favor das persoas beneficiarias que deben entregar no centro partícipe xunto coa achega, de ser o caso, que lles corresponda aboar dentro dos dez primeiros días do mes a que corresponda a prestación do servizo.

### *Quen pode beneficiarse?*

Poderán beneficiarse todas aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas.

- Non obter praza ou atoparse en lista de espera para unha escola infantil de 0 a 3 anos sostida con fondos públicos.

- Ter cumprido a nena ou neno a cargo 3 meses na data de ingreso na escola infantil.

- Non cumprir a nena ou neno a cargo os 3 anos dentro do ano natural no que se solicita.

- Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda dos 1.000 €.

- Que existan prazas correspondentes ao grupo de idade da nena ou neno nos centros partícipes do programa no concello de residencia da persoa beneficiaria, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen a nai ou pai ou representantes legais.

### *Como se solicita?*

As familias interesadas deberán presentar unha solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria anual para acollerse ao programa, que se publica no Diario Oficial de Galicia.

Non obstante, os que pediren e non obtiveron praza nas escolas infantís sostidas con fondos públicos, considéranse solicitantes de oficio se na solicitude de prazas para as escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar marcaron a opción do programa cheque infantil ou nas dos concellos que poden tramitala de oficio. Nestes casos non habería que presentar nova solicitude.

### *Cal é a súa contía?*

A contía da axuda económica depende dos ingresos e outras circunstancias da unidade familiar, establecéndose tramos, segundo renda per cápita, chegando a cubrir o 100% do custo da praza.

Tamén, establécense descontos sobre a achega da familia, por circunstancias familiares, que poden ser acumulables.

### *Atención e asesoramento*

Departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar

A Coruña: 981.185.700

Lugo: 982.294.202

Ourense: 988.386.149

Pontevedra: 986.817.089

Secretaría Xeral de Familia e Benestar: 981.545.666

http://escolasinfantis.net

http://traballoebenestar.xunta.es

## 6.4. Gabinetes de orientación familiar

### *Que son?*

Os gabinetes de orientación familiar (GOF) constitúen un recurso especializado no apoio e na promoción da calidade de vida das persoas e das familias, e na atención e prevención das diferentes situacións problemáticas que se poidan dar no ámbito da convivencia cotiá.

### *A que niveis actúan?*

- Informativo, facilitándolles ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.

- Educativo e formativo, proporcionándolles ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar e facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.

- Preventivo, de preparación perante as distintas etapas ou situacións polas que pasan as familias no seu ciclo vital.

- Axuda persoal e emocional, ofrecendo atención e acompañamento en calquera momento da vida e, en especial, nos momentos de crises provocadas por desgrazas inesperadas, tanto formal a través da terapia familiar coma informal a través das redes de axuda mutua ou grupos de apoio familiar

- Orientación, acompañando as familias, ofrecendo asesoramento para a toma de decisións, a resolución de conflitos e a mobilización dos recursos propios e do contorno, así como no proceso de planificación de apoios.

- Terapia e tratamento co fin de superar os dinamismos disfuncionais das familias, facendo posible o seu progreso e a súa adaptación.

***Quen pode beneficiarse?***

Todas aquelas persoas con residencia en Galicia que consideren que na súa familia existe algún conflito: de parella, entre nais e pais e fillas e fillos ou coa familia extensa.

***Como actúan?***

Os GOF só poderán actuar por petición directa e voluntaria das persoas que así o requiran.

Os gabinetes respectarán e terán en conta as opinións de todos os membros da familia garantindo a confidencialidade e o segredo profesional.

***Onde se atopan e cal é a súa composición?***

Os gabinetes de orientación familiar están adscritos aos servizos de Familia e Menores dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e están formados por un equipo multidisciplinar, integrado por profesionais das áreas de traballo social, psicoloxía e dereito, todos especializados na atención dos conflitos familiares e de parella.

### *Atención e asesoramento*

| | | |
|---|---|---|
| **A Coruña** | Rúa Salvador de Madariaga, 9, 1ª planta<br>15008 A Coruña | 981185757 |
| **Lugo** | Rolda da Muralla, 70.<br>27071 Lugo | 982294371 |
| **Ourense** | Camiño Prado Lonia, s/n.<br>32004 Ourense | 988386128 |
| **Pontevedra** | Concepción Arenal, 8, 1 planta .<br>36201 Vigo | 986817085 |

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Subdirección de Familia e Menores: 981.957.165

http://www.familiasgalegas.org

http://traballoebenestar.xunta.es

## 6.5. Puntos de Encontro Familiar

### *Que son?*

Son un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, e que procura a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente que ten por obxecto favorecer as relacións entre as/os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido, ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

### *Cal é a súa finalidade?*

- Favorecer o cumprimento do dereito fundamental das nenas e nenos a manter a relación con ambos proxenitores despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.

- Facilitar o encontro das fillas e fillos co proxenitor/a non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

- Acadar a normalización das relacións familiares, de xeito que o recurso chegue a resultar innecesario para a familia.

- Procurar a seguridade das nenas e nenos durante o cumprimento do réxime de visita e previr situacións de violencia.

- Favorecer e potenciar que as e os menores expresen con liberdade e sen medo os seus sentimentos e necesidades fronte a ambos proxenitores.

- Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno- filiais e as habilidades parentais de crianza.

- Proporcionar información e derivar aos servizos especializados, ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás persoas dependentes delas.

- Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se fora necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.

### *Que intervencións se levan a cabo?*

Con respecto a execución do réxime de visitas:

- Intercambio das e dos menores. Consiste na supervisión da entrega e recollida da ou do menor no punto de encontro familiar cando o réxime de visitas non se vai a executarse no devandito centro.

- Visitas tuteladas. Son as que se desenvolven de forma controlada baixo a supervisión e presenza continuada dunha persoa profesional do equipo técnico do centro.

- Visitas sen supervisión. Visitas que se desenvolven no punto de encontro familiar pero sen requirir a supervisión directa ou presenza continuada do equipo técnico, especialmente

en casos en que a persoa proxenitora con dereito a visita careza de vivenda na localidade ou esta non reúna as condicións axeitadas.

E ademais outras intervencións complementarias ao réxime de visitas:

- Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as/os menores, que teña como obxecto final acadar a normalización das relacións familiares.

- Orientación e asesoramento familiar proporcionando información, atención e apoio a nais, pais e menores, favorecendo a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.

- Aquelas outras encamiñadas a preparar as nais e os pais, e as súas fillas e fillos, para reducir o impacto da nova situación familiar e para que no futuro as relacións evolucionen de tal xeito que os encontros cheguen a realizarse de maneira normalizada coas maiores garantías posibles.

### *Atención e asesoramento*

| | | |
|---|---|---|
| **A Coruña** | Centro Fonseca | 981216097 |
| **Ferrol** | Asociación A Carón | 981369217 |
| **Santiago** | Asociación Encontro | 981577595 |
| **Lugo** | Asociación de Mulleres separadas e divorciadas | 982229861 |
| **Ourense** | Asociación Punto Cero | 667055954 |
| **Pontevedra** | Asociación Aloumiño | 986861999 |
| **Vigo** | Asociación Aloumiño | 986376108 |

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Subdirección de Familia e Menores: 981.544.623 / 981.957.165

http://www.familiasgalegas.org

http://traballoebenestar.xunta.es

## 6.6. Residencias de tempo libre

### *Que son?*

Son complexos residenciais destinados ao gozo do ocio e do lecer das familias, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, situados en Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense), que se poñen a disposición da poboación para o goce de estadías no período estival (xullo, agosto e primeira quincena de setembro).

### *Cal é a forma de acceso?*

A adxudicación das estadías na tempada estival regúlase mediante orde de carácter anual, podendo ser solicitada por:

- As persoas maiores de idade, ou menores acompañadas dos proxenitores ou representantes legais, que teñan a súa residencia en territorio do Estado español.

- As galegas e galegos residentes no exterior.

A adxudicación das prazas efectuase por sorteo de datas de entrada das solicitudes presentadas para cada residencia.

### *Cales son os servizos ofertados?*

- Servizo de residencia: aloxamento e manutención en réxime de pensión completa, durante a quenda adxudicada ás persoas beneficiarias.

- Servizo para non residentes: servizo de comedor para familiares e amigas/os das persoas residentes que veñan visitar a instalación.

### *Cal é o custo da estancia?*

O prezo por persoa e día é de 27 euros.

As nenas e os nenos entre os 2 e os 12 anos, ambos os dous incluídos, terán un desconto do 50% sobre o importe das estadías.

As nenas e nenos menores de 2 anos que non utilicen os servizos de comedor ou durman en berces instalados no cuarto dos seus responsables, están exentos de pagamento.

As estadías inferiores a 7 días levarán unha recarga dun 25% por persoa e día, tendo preferencia na adxudicacións as solicitudes superiores ás devanditas estadías.

As familias numerosas gozarán dun desconto do 30% sobre o prezo/persoa/día, sendo gratuíta a estadía das fillas e fillos a partir do cuarto (inclusive).

As persoas que acrediten unha discapacidade de entre o 33 e o 66% gozarán dun desconto do 20% sobre o prezo final que resulte da súa estadía. Se o grao de minusvalía é superior ao 66% o dito desconto será do 30%.

Os descontos que se especifican anteriormente considéranse incompatibles entre si de acordo co establecido no Decreto 169/2003, polo que se establecen os prezos. No caso de que nunha mesma persoa beneficiaria concorran máis dun desconto aplicaráselle o máis beneficioso.

As familias que non residan na Comunidade Autónoma de Galicia e desexen pasar a noite na residencia a noite anterior ao comezo da súa estadía, deberán aboar a cantidade de 15 €/cuarto debendo comunicarllo á residencia con suficiente antelación.

- Servizo de comedor para visitantes: Os prezos destes servizos increméntanse un 10% os domingos e festivos.

| | |
|---|---|
| **Almorzo** | **2 euros** |
| **Xantar** | **8 euros** |
| **Cea** | **6 euros** |

### *Atención e asesoramento*

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ourense | Zona do Parque-<br><br>32500 O Carballiño | 988270200 | rtlcarballiño@xunta.es |
| Pontevedra | Rúa Cansadoura, 2 36340 Panxón. Nigrán | 986365221 | rtlpanxon@xunta.es |

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

Subdirección de Familia e Menores: 981.544.623

http://www.familiasgalegas.org

http://traballoebenestar.xunta.es